




**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
IES Manuel García Barros

Rúa da Cultura, s/n  
36681 A Estrada (Pontevedra)  
Tif 986590104  
ies.garcia.barros@edu.xunta.es  
www.iesgarcia Barros.org



## **ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR** **CONVOCATORIA**

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Dos 4 membros que forman parte como representantes deste sector no Consello Escolar corresponde no presente proceso electoral de renovación parcial a **elección de 4 alumnos/as**.

2. Son electores e elixibles todo o alumnado neste centro e incluídos no **censo correspondente que está exposto no taboleiro da secretaría** (1ª pranta).

3. O prazo de **presentación de candidaturas abrangue dende o 9 de novembro ás 8:45 ata as 12:00 horas do día 16 de novembro. As candidaturas serán presentadas na secretaría (oficina), segundo o modelo que se vos proporcionará alí mesmo.**

4. **O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase o día 17 de novembro ás 10:25 horas.** Dita mesa estará composta pola Directora do centro, que actuará como Presidenta, e 2 alumnos/as. A Xunta electoral deberá prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

5. A **campaña electoral** extenderase do 17 ao 23 de novembro, ambos incluídos. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo nin implique o incumprimento dos protocolos COVID.

6. As **votacións serán o martes 23 de novembro**, de acordo co seguinte horario:

- De 09:35 a 10:25 – 2º ESO e 1º ESO A
- De 10:45 a 11:35 – 1º e 2º BACHARELATO
- De 11:35 a 12:25 – 3º ESO e 1º ESO B
- De 12:45 a 13:35 – 4º ESO e 1º ESO C

7. **Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 3 nomes dos candidatos/as presentados.** O voto será directo e secreto.

8.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.

9.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se podan formular.

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

A Estrada, 08 de novembro de 2021